

# ENCONTROS PARA FALAR, CANTAR E CONTAR

MERCORES, 14 NOVEMBRO  
Aula de audiovisuais - CFR A Coruña (Edificio UNED)

|             |                                                                                                                                                   |
|-------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 16:30       | Recollida de material                                                                                                                             |
| 17:00       | Presentación                                                                                                                                      |
| 17:30–18:45 | CONFERENCIA INICIAL• “INTRODUCCIÓN ÁS POSIBILIDADES DA NARRACIÓN ORAL APLICADA NA ESCOLA E NOUTROS ESPAZOS DE EDUCACIÓN NON FORMAL”<br>CHARO PITA |
| 18:45-19:15 | DESCANSO-CAFÉ                                                                                                                                     |
| 19:15-20:30 | Fórmulas de Encontamento<br>CHARO PITA                                                                                                            |

MERCORES, 21 NOVEMBRO  
Aula 1.4 /Aula 1.1 da EPAPU Eduardo Pondal (Edificio UNED)

|              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|--------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 17:30- 18:45 | OBRADOIROS<br>CONTOS E XOGOS PARA CANTAR E BAILAR. Pablo Díaz e Olga Kirk.<br>Aprenderemos algunhas estratexias para aprender a contar contos, dentro dun contexto musical, buscando recursos para crear retrousos fáciles relacionados co conto en cuestión, ou utilizar algún instrumento sinxelo de percusión ou melódico, como a frauta, que estimula a atención dos pequenos e axuda a crear un ambiente máis propicio para cada temática en concreto. Despois dos contos veñen os xogos bailables. É a parte máis movida do obradoiro, pois podemos aprender moitos xogos-baile tradicionais para poder aplicar posteriormente cos pequenos na aula. Son xogos en roda, outros en parella, acompañados sempre de cantigas sinxeliñas. |
|              | XOGANDO COA TRADICIÓN. Montse Rivera<br>A nosa tradición agocha contos, cantos e bailes que debemos rescatar do esquecemento e adaptalos ós nosos tempos para poder botar man deles á hora de traballar cos pequenos nas aulas. É por iso que ademais de xogarmos co legado galego, tamén faremos un pequeno percorrido fóra das nosas fronteiras centrándonos nun dos momentos máis lúdicos do ano: o entroido.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |

|              |                         |
|--------------|-------------------------|
| 18.45-19.15  | DESCANSO-CAFÉ           |
| 19:15- 20:30 | CONTINUACIÓN OBRADOIROS |

MERCORES, 28 NOVEMBRO  
Aula 1.4 /Aula 1.1 da EPAPU Eduardo Pondal (Edificio UNED)

|             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
|-------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 17:30-18:45 | OBRADOIROS<br>VER PARA CRER. Ana Carreira<br>A través de diferentes exercicios buscaremos xeitos de aproximación á narración oral como espectáculo ou recurso pedagóxico. A narración oral está vinculada á escoita, pero non é o único sentido que xoga.                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|             | TÉCNICAS TEATRAIS APLICADAS Ó CONTO. Ana Carril<br>Faremos un percorrido por algunhas das técnicas teatrais que nos permiten contar os contos de xeito máis dinámico, lúdico e atractivo para os cativos. Exploraremos as posibilidades dramáticas dos contos, así como a posibilidade de elaboración dos nosas propias historias a partir de técnicas de creatividade. A finalidade é dotar ós docentes de ferramentas para levar as contadas ás aulas de xeito que sorprendan, e sexan entretidas e educativas ao mesmo tempo. |

|              |                         |
|--------------|-------------------------|
| 18.45-19.15  | DESCANSO-CAFÉ           |
| 19:15- 20:30 | CONTINUACIÓN OBRADOIROS |



Aula de audiovisuais - CFR A Coruña  
(Edifício UNED)

# ENCONTROS PARA FALAR, CANTAR E CONTAR

**MÉRCORES 14, 21 E 28 DE NOVEMBRO**

Aula de audiovisuais - CFR A Coruña (Edifício UNED)

Aula 1.4 /Aula 1.1 da EPAPU Eduardo Pondal (Edifício UNED)